

No Concello de Láncara, sendo as doce horas do día vinte e dous de outubro de dous mil nove, reúnese no Salón de Actos da Casa Consistorial o Pleno deste Concello en sesión extraordinaria, asistindo tódolos seus componentes, que foi legalmente convocada en cumprimento do establecido no artigo 197.1.c) da Lei 5 /1985, de 19 de xuño, de Réximen Electoral Xeneral, con un único punto na

ORDEN DO DÍA:

“UNICO.- MOCIÓN DE CENSURA PRESENTADA O DÍA NOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL NOVE.

Preside o Pleno a mesa de Idade integrada polos Concelleiros D. Ricardo Núñez Valcárcel, por ser o de maior idade despois do candidato a Alcaldía, e D. Andres Manuel Caballero López o de menor idade.

Actúa como Secretario, o da Corporación D. José López Castro, que da fe do acto.

Iniciase a sesión de conformidade co disposto no artigo 197.1.e) da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, coa lectura por parte do Sr Secretario, a petición da mesa de idade, da moción de censura presentada pola maioría absoluta dos Concelleiros da Corporación, sendo o tenor literal o seguinte:

MOCION DE CENSURA

Os abaixo asinantes, edís do Concello de Láncara (Lugo).

Expoñen:

A situación de ingobernabilidade que caracteriza na actualidade ao Concello, por atoparse en minoría o equipo de goberno e, como consecuencia disto, a imposibilidade de dar resposta por parte do actual executivo local ás crecentes necesidades que teñen as veciñas e veciños do noso pobo, xustifica a conveniencia de establecer unha nova maioría capaz de rexenerar, dun xeito democrático e efectivo, a acción do goberno.

Cómpre de xeito especial censurar a xestión e a política seguida polo actual rexedor municipal incapaz, pese a ser consciente da súa situación de minoría, de establecer consensos e chegar a acordos cos edís da oposición que, neste caso, configuran a alternativa maioritaria de goberno.

A todo isto hai que engadir unha máis que discutible xestión económica do Concello, agravada nos últimos tempos pola actual conxuntura económica, e porque a situación actual evidencia a incapacidade manifesta do executivo local á hora de elaborar unhas previsións orzamentarias realistas e co respaldo necesario no conxunto da Corporación Municipal, así como un axeitado control de tesourería.

A maiores cabe subliñar, o crecente caos na xestión administrativa, prestación de servizos e obras de interese municipal prioritario, tarefas que están a ser abandonadas por parte do actual Executivo local como síntoma evidente da debilidade do actual equipo de goberno. Cómpre en consecuencia recuperar e corrixir cada unha destas áreas, eliminando a actual incapacidade xestora do Alcalde e demais edís do Executivo, fomentando unha mellor prestación de servizos por parte do Concello así como o impulso das obras e actuacións máis necesarias se falamos en termos de futuro.

Resulta evidente tamén o deterioro progresivo e constante da vida política municipal, propiciada polas condutas e actuacións impropias de aquel que ten hoxe a responsabilidade de dirixir o Concello, e procurar con elo favorecer a convivencia en correcta harmonía entre todos os veciños.

A forma de actuar do Executivo local, baixo a dirección establecida polo señor Alcalde, esta baseada nun órdago continuado e persistente ao resto dos memebros da Corporación, así como polo conflito con outras administracións cuxo concurso resulta necesario para a posta en marcha e desenvolvemento con total éxito de proxectos de grande importancia para as veciñas e veciños. As devanditas situacións de conflito en nada benefician a imaxe e marcha deste Concello, todo o contrario, constitúen un obstáculo evidente no obxectivo de acadar novas cotas de benestar e progreso.

A nova maioría, configurada como alternativa de goberno, asume con confianza o deber e a responsabilidade de poñer fin a esta situación que estamos a padecer durante os últimos meses. Nace ademais sustentada nun amplo respaldo popular xa que logo, mentres que as forzas da oposición agrupan 1.600 sufraxios, o actual equipo de goberno, susténtase en base unha manifesta minoría de 668 votos.

Os concelleiros asinantes da moción, conscientes desta realidade, así como da responsabilidade na defensa dos intereses xerais dos veciños, asumen a tarefa urxente de recuperar a normalidade na acción do Executivo local, e establecer unha liña sólida capaz de desenvolver un novo programa de xestión e un pacto estable de goberno.

É polo que, de conformidade co disposto no artigo **197 da Lei Orgánica 5/1985 do Réime Electoral Xeral**, veñen de presentar a presente **MOCIÓN DE CENSURA** contra o Alcalde Sr. **Darío Antonio Piñeiro López** e iso con base nos seguintes

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.-Conforme ao disposto no artigo 197 da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral, **o Alcalde pode ser destituído mediante Moción de censura.**

SEGUNDO.-A devandita Moción tramitarase segundo o disposto no devandito artigo 197 da Lei Orgánica 5/1985.

TERCEIRO.-A presente moción preséntase por (x numero) Concelleiros, que constitúen a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación Municipal de Láncara.

CUARTO.- que os asinantes deste escrito e conforme ao disposto na legislación electoral, propoñen como Alcalde do municipio de Láncara a D. ELADIO CAPÓN LÓPEZ, cuxa aceptación figura como anexo a este documento.

QUINTO.-Que este Escrito se presenta ante o Secretario Xeral da Corporación para que conforme establece a Lei, este autentique as firmas dos Concelleiros Asinantes deste escrito, solicitando que unha vez dilixenciado se nos entregue para presentarse ante o Rexistro Xeral do Concello.

En virtude de todo o anterior

SOLICITAN

Que se teña por presentado este escrito, xunto co documento que se acompaña, por feitas as manifestacións que este contén, admítase a trámite e, en consecuencia dispóñanse os trámites necesarios para o legal desenvolvemento da MOCION DE CENSURA que se presenta, previa convocatoria do Pleno Municipal ás doce horas do décimo día hábil seguinte ao do seu Rexistro, e todo o demais que en dereito proceda

Eladio Capón López Fdo.:	José Manuel Neira Castro Fdo.:
José Manuel Álvarez Rodríguez Fdo.:	Andrés Manuel Caballero López Fdo.:
Ricardo Núñez Valcárcel Fdo.:	Carlos Fernández Díaz Fdo.:

Posteriormente, o Sr. Concelleiro Ricardo Núñez Valcárcel, quen preside a sesión plenaria, conforme o establecido no artigo 197.1.e) da Lei 5/1985, de 19 de xuño, de Réximen Electoral Xeral, concede a palabra, e por o seguinte orden, ó candidato á Alcaldía , ó Alcalde e os portavoces dos grupos municipais .

Concedese a palabra ó candidato á Alcaldía D. Eladio Capón López , quen realiza a seguinte intervención:

“Por parte do candidato ponse de manifesto que vai a ser moi breve, xa que están debidamente explicados na moción os motivos desta, que a moción non se presenta con idea de facerlle dano a ninguén, que se presenta únicamente ó considerar que son

maioría neste Concello e que era previsto que esta moción tería que suceder ao largo ou a curto prazo , o goberno actual estaba claramente en minoría, que non considera oportuno espallarse en cousa porque xa a prensa contou bastantes mentiras , que no seu día todo quedará claro”.

Concedese a palabra ó Sr. Alcalde D. Dario Antonio Piñeiro López, quen realiza a seguinte intervención:

“Comenza manifestando que quere facer aclaracións a tres apartados da moción:

1º.-Sobre o apartado “Cómpre de xeito especial censurar a xestión e a política seguida polo actual rexedor municipal incapaz, pese a ser consciente da súa situación de minoría, de establecer consensos e chegar a acordos cos edís da oposición que, neste caso, configuran a alternativa maioritaria de goberno”.

Neste punto quere recordarlles a tódolos Concelleiros de consensuar tódolos postos de persoal que se contrataron neste Concello, pactouse igualmente con tódolos grupos políticos todas as obras do Plan Estatal. (Plan E), aquí pactouse con vostedes os presupostos do ano pasado, aquí pactouse con vostedes a mañá os presupostos do actual exercicio e as oito da tarde votaron en contra, son testemuñas deste último tódolos voceiros dos grupos políticos.

2º.- No referente á xestión económica reprochalle o Sr. candidato, sobre a xestión económica que fixo él nos catro últimos anos que estivo de Alcalde ,todo o mundo recorda como foi esa xestión.

3º.-Referente ó deterioro progresivo e constante da vida política municipal. Quere recordar a campaña sucia que se fixo no 2007, sendo o partido Socialista un partido que fixo unha campaña totalmente limpa., recordándolles os graves problemas que tiveron nesa campaña.

Tamen quere aclarar sobre os conflitos con outras Administracións. O equipo de goberno levouse ben con todas as administracións e non ten ningún problema. Igualmente puntualiza sobre a representación de 1.600 votos, non sabe que votos suman pero vostedes non representan 1.600 votos.

Quixera comezar dando as grazas no meu nome e no de tódolos meus compañeiros a todos os veciños de Lãncara, porque colaboraron dende o meu primeiro momento con nós entendendo e apoiando as nosas liñas de traballo. Igualmente pedimos disculpas a aqueles outros veciños os que non podemos atender ou non soupemos estar a altura das necesidades.

Quero dar as grazas a tódolos empregados desta institución que demostraron en todo momento a súa profesionalidade e o seu bó facer.

A Moción de censura de hoxe, ven a poñer fin bruscamente a dous anos de traballo, esforzo e ilusión; dous anos onde as distintas concellerías traballamos, atendendo principalmente as necesidades dos nosos veciños e programando o desenvolvemento sostible do noso municipio.

Como o demostran as obras que a día de hoxe nos avalan:

URBANISMO: Retomando a posta en marcha e desenvolvemento do plan de ordenación municipal. O cal nos permitirá entre outras obras unha moi demandada por todos como é o Polígono Industrial.

OBRAS E SERVICIOS:

- Derrumbe da Casilla de RENFE
- Rúa Benigno Quiroga
- Rio Neira a intersección con Duques de Lugo
- Saneamento e beira-rúas da rúa Ourense
- Peche do Campo da Feira
- Pavillón Polifuncional no Campo da Feira
- Mirador dos depósitos da Feira
- Peche do Club Fluvial
- Acondicionamento da Pontevella
- Beira-rúas no entorno do Colexio
- Muro da Praza dos Labregos
- Alumeado do futuro parque empresarial
- Rúa Rosalía de Castro.
- Cimiterio Municipal.

MEDIO RURAL:

- Rexeneración, novas pistas e mellora de alumeados en:
- Pobra de San Xiao.
- Neira
- Muro
- Ronfe
- Bande
- Vilaleo
- Trasliste
- Toirán
- Vilarello
- Láncara
- Carracedo
- Lama
- Touville
- Larín
- Vilambrán
- Oleiros
- Cedrón
- Souto
- Armea
- Galegos
- Vilaesteva
- Monseiro
- Vilouzán

- Rio
- Toldaos
- Lagos

Traida de augas en:

- Touville
- Lama de Souto
- Vigo de Galegos
- Leirado (paralizada dende o ano 2001)

Prazas Públicas en:

- Armea
- Bande
- Láncara
- Toirán
- Viládiga
- Galegos
- Oleiros

Rexeneración de fontes:

- Láncara
- Toirán
- As Farrapas

Entorno das Igrexas:

- Monseiro
- Oleiros
- Muro
- A Lama
- Armea

Pontes:

- Trasliste
- Rio
- Ronfe
- Souto da Lama

En Láncara: Mirador, pista de tenis e saneamento nos Baos.

Un Obradoiro de Emprego con 31 traballadores e CINCOCENTOS MIL EUROS.

Plan de Cooperación: DOUSCENTOS MIL EUROS.

Convenios: Desbroce de pistas a través da Consellería do Medio Rural e a través da Deputación Provincial de Lugo.

Diversas actividades deportivas e culturais e subvención a estudantes para o transporte.

Todo esto supón unha inversión de CATRO MILLÓNS DE EUROS en tan só dous anos.

Futuros Proxectos os cales agardo que sexan capaces de sacar adiante:

- Obradoiro de Emprego
- Rehabilitación da antiga casa do concello en Carracedo, xa aprobado.
- Cuartel da Garda Civil
- Cesión de terrenos da antiga estación de RENFE.
- Saneamento do Campo da Feira, Ariz e Láncara
- Estrada de Pobra a Láncara
- Pasarela sobre o río Neira en Pobra de San Xiao
- Polígono Industrial.

AGARDO que sexan capaces de rematar todos estes proxectos, sepan que contarán co noso apoio e colaboración pero non dubiden que se non é así e si non consiguen igualar ou superar tódalas nosas inversións non dubidaremos en pedir responsabilidades políticas.

Despois dunha dura campaña política, en maio de 2007 e en moitos ocasións rozando situacións dantescas como reflexa unha serie de denuncias cruzadas entre dous cabezas de lista, donde se traspasou a línea entre o politicamente correcto e o insulto persoal, actuacións das que nos tratamos de desmarcarnos en todo momento, os veciños finalmente poideron exercer libremente o seu dereito ao voto, votando a opción política que máis lles satisfacía, conviña e mellor crían que lles representaba. Nesta liberdade surxe unha Corporación Municipal politicamente moi representada, donde os pactos tiñan que marcar o futuro político do Concello. Nesa liberdade de pacto se decide formar Goberno dende o PSG-PSOE de Láncara e os representantes de TERRA GALEGA, non se nos olvide. Neste pacto ineludiblemente o PSOE viña a representar a alternativa que durante catro anos fixo valer cunha oposición firme, honesta, mentres TERRA GALEGA representou o voto de castigo hacia o PP de Láncara, que lastraba malas xestións económicas e unhas tiranteces persoais nas súas filas que levou a escisión política dalgúns dos seus integrantes da que naceu TERRA GALEGA.

Agora despois de dous anos de goberno, onde unha das premisas era normalizar outra vez a vida política do Concello, tratouse de refrendar ademais con numerosas actuacións o bó futuro do noso Concello.

Lamentamos o profundo engano que sufrimos tódolos veciños, porque donde uns se acusaban e outros se denunciaban, volve a nacer unha alianza pouco creíble e a cal levará ao olvido político do noso Concello na Comarca, de ahí queremos matizar que as nosas actuacións políticas nunca naceron desde o resentimento, senón que dende unha posición constructiva e en esa liña seguiremos dende a transparencia e a honradez hacia todos os nosos veciños, que depositaron a súa confianza en nós, os demais saberán o que buscan e o que anelan, nosa dúbida é agora quen será o futuro Alcalde do PP., vemos demasiados galos no galiñeiro que moito nos tememos que acabarán en total

ruptura do partido, onde nacerán novos partidos que nos tratarán de convencer do seu bon facer e que finalmente repercutirá negativamente sobre todos os lancarese.

A nosa valoración é que esta Moción fraguada dende facía moito tempo, pero ratificada nestos últimos días, é froito de constantes chantaxes e falsas promesas.

Esta Moción no significa para nós un adeus, senón un áta logo o goberno Municipal. Dende o noso novo posto, o da Oposición, seguiremos expectantes e velando para asegurar que se presta o mellor servizo a tódolos veciños e se mellora o noso Municipio.-

Recomendareilles como publicaba un medio de comunicación que lean o libro:

DIGNIDADE E INDIGNIDADE de Xosé Alvilares.

Dicía o Señor Capón que quería formar un Goberno con harmonía, algo imposible cando non se poden mirar os ollos.

Por parte do Sr. Secretario informase que poden falar os portavoces dos partidos políticos, que son polo P.P. D. Eladio Capón López, polo PSG-PSOE Arturo Sobrado Castro, polo TEGA Ricardo Núñez Valcárcel e polo BNG Carlos Santiago López Sierra.

Toma a palabra o portavoz do P.P. D. Eladio Capón López quen manifesta que vostede nomeou unha serie de obras pero que moitas xa estaban contratadas e voulle dar as gracias por cabaleiro ó acabar obras que quedaran escomenzadas da anterior corporación, e tamen felicite ao anterior Alcalde, non diga que os outros estivemos eiquí como postos polo Concello, pense que inda ven vostede dende Toldaos a Pobra de San Xiao por estradas asfaltadas, feitas pola anterior Corporación.

Por parte do voceiro do PSG-PSOE cédelle a palabra ó Alcalde.

Visto que o portavoz me ceda a palabra voulle simplemente aclarar unhas cousas a auga de Mourillón estaba parada dende o ano 2005 e a de Leirado estaba dende o 2001, o cemeterio estaba empezado, vostede dedicouse nos últimos anos a principiar obras que non rematou, replicando Eladio Capon que non tiveron tempo a rematalas, por parte de Dario A. Piñeiro que non van entrar en debates que hoxe non é o día.

Por parte do portavoz do TEGA Ricardo Núñez Valcárcel, manifesta que non vai dicir nada.

Interven seguidamente o Sr. Concelleiro portavoz do grupo BNG D. Carlos Santiago López Sierra, que na súa intervención di:

“A moción de censura e lexítima, mais non é o mais axeitado neste momento para o noso Concello.

A moción non se presenta pensando no beneficio do noso Concello. Está pensada para o beneficio dos firmantes da moción, sen importarlles os veciños. Levan toda a vida dándolle importancia os cargos públicos (Alcaldía, Tenencia de Alcalde) e nada os problemas de Lán cara. ¿Cales son eses novos proxectos que van levar adiante?.

Consideramos que a responsabilidade da xestión municipal gáñase nas eleccións e non con artificios, atallos ou pola porta de atrás.

Non é momento de moción. É momento de traballar polo Concello, dende a representatividade de cada grupo, como ven facendo o Bloque, traballando polos veciños dunha maneira moi activa no Concello, con proxectos que están ahí. Aínda que nós nos negáramos a entrar e coller responsabilidades no Pleno de investidura porque consideramos que non se daban as condicións necesarias, o cal o tempo nos deu a razón.

Non nos parece serio que o grupo Popular censure a laboura do actual goberno, cando eles levan demostrando moitos anos unha incapacidade notoria e manifesta de xestionar o Concello.

Consideramos que o grupo popular non ofrece nada novo, nin proxectos de Concello, nin esperanzas renovadas, polo que nos parece un paso atrás o que se está dando en Láncara.

Por todas estas razóns expostas, o BNG de Láncara vai votar en contra da moción de censura”.

Finalizadas as intervencións e dado que o desenvolvemento da presente sesión planaria está claramente determinado no artigo 197.1.e) da Lei 5/1985, de 19 de xuño, de Réximen Electoral Xeral, procédese a votación a moción de censura

O Sr, Secretario informa que a votación debe ser nominativa , segundo establece o artigo 22.3 da Lei de Bases de Réxime Local, procedendo a dar lectura por orden alfabético o nome dos once Concelleiros, quen poden votar a favor, en contra ou absterse:

Alvarez Rodríguez José Manuel : SI
Caballero López Andres Manuel : SI
Capón López Eladio: SI
Fernández Díaz Carlos: SI
García Aldegunde José Manuel: NON
López Sierra Carlos Santiago:NON
Neira Castro José Manuel: SI
Núñez Valcárcel Ricardo:SI
Piñeiro López Dario Antonio :NON
Rodríguez González Celestino:NON
Sobrado Castro Arturo:NON

RESULTADO DA VOTACIÓN:

-Votos a favor: 6
-Votos en contra:5
-Abstencións: ningunha.

A vista do resultado da votación, prospera a moción de censura contra o Alcalde D. Dario Antonio Piñeiro López, por 6 votos, que constituen a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e de conformidade co artigo 197.1.f) da Lei 5/1985, do Réximen Electoral Xeral, por tanto queda proclamado Alcalde o candidato incluído na moción de censura D. Eladio Capón López, do grupo P.P., quen toma

posesión do cargo en este mesmo acto xurando conforme á fórmula legal que establece o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, regulador da forma para toma de posesión de cargos ou funcións públicas.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as doce horas trinte e cinco minutos. Do que como Secretario, dou fe.